

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas nas bolsas para a inscrición no IX International Symposium on Marine Sciences (ISMS), curso 2023/2024

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da resolución reitoral do 3 de maio de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria de *bolsas para a inscrición no IX International Symposium on Marine Sciences (ISMS) da Universidade de Vigo no curso 2023/2024*, unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións e revisadas éstas,

esta Reitoría RESOLVE:

Publicar a **listaxe definitiva de solicitudes excluídas** (véxase o anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

1º Apellido	2º Apellido	Nombre
Bosdari	Alvarez	Bautista

Código	Motivo de exclusión
204	Solicitar axuda para estudos non amparados pola convocatoria e/ou non estar matriculado en centros propios da Universidade de Vigo

